



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/13	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Resoución alegación e aprobación ordenanza»

Data:

26 de decembro de 2025

Duración:

Desde las 9:30 hasta las 10:07

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	NON
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	NON
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Alexandre Losada Buide:
«Motivos pessoais»
2. Maria Margarita Pereira López:
«Motivos pessoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Expediente 1097/2025. Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 2, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1097/2025

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos publicada no BOP de Lugo.

-Providencia da alcaldía de data 29/09/2025 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

-Informe técnico económico da modificación da ordenanza fiscal da taxa de lixo de intervención de data 17/10/2025.

-Informe xurídico do Secretario Municipal de data 17/10/2025





-Acordo plenario de data 30/10/2025 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 30 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 3/11/2025.

-Vistas as seguintes alegacións presentadas :

- Jose Manuel López Rodriguez con número de entrada 2025-E-RE-2206 de 12/12/2025.
- Guadalupe Prado Tome con número de entrada 2025-E-RE-2207 de 12/12/2025.
- Maria Teresa Peteiro Crego con número de entrada 2025-E-RC-8090 de 12/12/2025.
- Maria del Carmen Abuin Pereira con número de entrada 2025-E-RC-8110 de 15/12/2025.
- Jose Luis Tena Sarro con número de entrada 2025-E-RC-8111 de 15/12/2025.
- Andres Ares Bello con número de entrada 2025-E-RC-8112 de 15/12/2025.
- Maria Margarita Pereira Lopez con número de entrada 2025-E-RC-8121 de 15/12/2025.
- Alexandre Losada Buide con número de entrada 2025-E-RC-8122 de 15/12/2025.
- Jose Manuel Lopez Sambad con número de entrada 2025-E-RC-8123 de 15/12/2025.
- Paula Moiron Martinez con número de entrada 2025-E-RC-8124 de 15/12/2025.
- Rebeca Tena Abuin con número de entrada 2025-E-RC-8125 de 15/12/2025.
- Concepción Tome Fernandez con número de entrada 2025-E-RC-8126 de 15/12/2025.
- Jose Luis López Vazquez con número de entrada 2025-E-RC-8127 de 15/12/2025.
- Maria Jose Villar Barral con número de entrada 2025-E-RC-8128 de 15/12/2025.
- Victor Juan Miranda Santalla con número de entrada 2025-E-RC-8141 de 16/12/2025.
- Jesus Espiñeira Rodriguez con número de entrada 2025-E-RC-8143 de 16/12/2025.
- Jose Garcia Varela con número de entrada 2025-E-RC-8146 de 16/12/2025
- Jose Angel Losada Lopez con número de entrada 2025-E-RC-8147 de 16/12/2025
- Juan Carlos Rodriguez Roca con número de entrada 2025-E-RC-8148 de 16/12/2025
- Maria Consuelo Raposo Cabo con número de entrada 2025-E-RC-8149 de 16/12/2025
- Xose Maria Teixido Nuñez con número de entrada 2025-E-RC-8150 de 16/12/2025
- Jose Manuel Sanda Mato con número de entrada 2025-E-RC-8151 de 16/12/2025
- Candido Loureiro Rodriguez con número de entrada 2025-E-RC-8152 de 16/12/2025
- Jose López Veras con número de entrada 2025-E-RC-8153 de 16/12/2025
- David Basilio Roca Mendez con número de entrada 2025-E-RC-8154 de 16/12/2025





- Jose Ramon Rio Vidal con número de entrada 2025-E-RC-8156 de 16/12/2025
- Adrian Montes Lopez con número de entrada 2025-E-RC-8157 de 16/12/2025

Todas as alegacións presentadas en tempo e forma en síntese manifestan o seguinte:

« *PRIMEIRO.- Que se implanten os contedores marrón no Concello de Guitiriz.*

Por Lei, o Concello de Guitiriz debería ter implantado o contedor marrón para a recollida diferenciada da materia orgánica, dende o 31 de decembro de 2023.

O Concello de Guitiriz está acollido o canon reducido de Sogama e paga 95,00€/ton, o canon de Sogama para a bolsa marrón ascende a 51,40€/ton, se o Concello de Guitiriz tivera contedores marróns podería pagar menos pola recollida do lixo.

O Concello de Guitiriz entregou 1600 toneladas de lixo no ano 2024.

Segundo os datos do INE do 38% ao 40% de ese lixo corresponde a materia orgánica.

Se no Concello de Guitiriz tiveramos contedores marróns o aforro o ano sería de 27.904,00€, o que supón un aforro de 8,90363752 € por unidade de pago, segundo os datos do informe técnico económico de modificación da taxa.

CÁLCULOS:

PAGO A SOGAMA CONCELLO DE GUITIRIZ 95,00€/ton

PAGO A SOGAMA CONTENEDOR MARRON 51,40€/ton

TONELADAS ENTREGADAS A SOGAMA 2024 1600

INE ESTABLECE 40% PERTENCE A MAT ORG 40%

CANTIDAD CORRESPONDENTE A MAT ORG 640 toneladas

DIFERENCIA PRECIO CONTEDOR MARRON 43,60€/ton

AFORRO CONCELLO 27.904,00€

UNIDADES DE PAGO (1)

VIVIENDAS 3.053

CAFETERIAS, BARES... 36

SUPERMERCADOS 4

COMERCIOS E ESTABLECEMENTOS DE ALIMENT 41

TOTAL 3.134

AFORRO POR UNIDAD 8,90363752

(1) Das unidades de pago descantáronse entidades financeiras, tanatorios, industrias,





fabricas e centros de ensino privado por considerar que non xeran residuos de materia orgánica.

Se o Concello de Guitiriz cumprira a Lei, a subida da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo e residuos urbáns sería mais pequena.

SEGUNDO. – Que na taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo e residuos urbáns non existe ningunha bonificación para familias en risco de exclusión social ou con ingresos mínimos.

TERCEIRO. — Que na taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo e residuos urbáns, non existe unha taxa especial para vivendas non habitadas, cuxos propietarios están empadroados e residen fora do Concello de Guitiriz, co cal non xenaran o volume de lixo das vivendas habituais.»

Informe de rexistro das alegacións presentadas de data 17/12/2025.

Providencia de alcaldía solicitando informes sobre as alegacións presentadas de data 17/12/2025

Visto o informe do técnico de medio ambiente de data 17/12/2025 no que se establece:

« (...) »

Segundo. Informe

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, todas presentan o mesmo formato (salvo a presentadas por D. Jose Manuel Lopez Rodriguez (RE: 2206 do 11/12/2025) e Dna. Maria Guadalupe Prado Tomé (RE: 2207 do 11/12/2025), pero todas alegan os mesmos puntos, neste caso imos centrarnos nos seguintes puntos das mesmas:

- 1. No punto 1º alegan que coa implantación do contenedor marron para recollida diferenciada da materia orgánica reduciría o custo do canon de Sogama, xa que determinan que o 40 % do lixo enviado a planta é materia orgánica. Nun estudio feito para a solicitude de axudas de biorresiduos convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, establecece na memoria que se podería xestionar 129,73 tn de fracción orgánica ao ano, moi lonxe das 640 tn que calculan as alegacións presentadas por D. Jose Manuel Lopez Rodriguez e Dna. Maria Guadalupe Prado Tomé. Esta cuestión tería que ser estudada unha vez implantada a recollida de fracción orgánica no concello e determinar o volume anual tratado, tendo en conta os custes de recollida e xestión: frecuencia de recollida, contenerización, etc, para determinar si diminúen as toneladas de fracción resto que se envían a Sogama cada ano.*
- 2. No punto 3º, alegan que non existe unha taxa especial para vivenda non habitadas, cuxos propietario están empadroados e residen fora do Concello de Guitiriz, co cal*





non xeneran o volume de lixo das vivendas habituais. O concepto de “vivenda non habitada” non figura como tal nas ordenanzas municipais. Non podemos determinar o volume de lixo que xeneran esas vivendas o longo do ano e que depositan nos distintos contedores, ademais debemos ter en conta o servizo de recollida e xestión de enseres e voluminosos, que tamén fan uso do mesmo o propietarios destas vivendas.

A simple existencia de lixo domiciliario ou comercial fai necesario o servizo e non cabe, polo tanto, aducir o non emprego para non pagar a taxa. Existen varias sentenzas do Tribunal Supremo (entre elas a do 7 de marzo de 2007 e 18 de novembro de 2003) que se veñen pronunciando pola elixibilidade da taxa aínda que non se empregue o servizo ou só parcialmente, de tal forma que o feito imponible desta taxa prodúcese cando o concello ten implantado e en funcionamento o servizo de recollida e eliminación de residuos, non sendo necesario que o solicite o suxeito pasivo, xa que este tributo é de recepción obrigatoria, de tal forma que con independencia de que o suxeito pasivo empregue ou non o servizo, se o concello o presta, imponse o pago da taxa.

Noutro caso estaríamos en vivendas declaradas oficialmente como ruína, as cales estarían exentas do pago de dita taxa.

Terceiro. Conclusións

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluír o seguinte:

- *Desestimar o punto 1º e 3º das alegacións presentadas no período de tramite información publica segundo a relación que consta nos antecedentes deste informe.»*

Visto o informe da interventora municipal de data 17/12/2025 no que se establece:

« (...)

CONSIDERACIÓNs:

Primeira.- *As entidades locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se encontran os tributos locais, segundo o previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Sempre partindo do principio constitucional de suficiencia financeira, art. 142 da CE.*

Atendendo ao anterior e á potestade regulamentaria concedida ás entidades locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, será posible establecer e exixir tributos a través das súas propias ordenanzas fiscais, atribución que ven conferida ao Pleno, conforme dispón o artigo 22.2.d) da citada Lei. A validez do acordo requirira o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no artigo 47.1 da mesma norma.





De igual maneira poderán acordar a modificación de ditas ordenanzas, que deberán conter a nova redacción das normas afectadas, e das datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación, atribución conferida igualmente ao Pleno da Corporación e o acordo deberá adoptarse con igual maioría que no caso do seu establecemento.

Segunda.- Custe do servizo. *O artigo 24.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regula o sistema de cálculo do importe da staxas pola prestación dun servizo: “En xeral, e conforme o previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do devandito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización esíxese a taxa, todo iso con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase con arranxo ao orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente.”

Consta no expediente da modificación da ordenanza fiscal un informe técnico económico, 2025-0381 de 17/10/2025, que foi confeccionada segundo os criterios de información sobre custos de actividades e indicadores de xestión dá resolución dá Intervención Xeral dá Administración do Estado do 28 de xullo de 2011, naquilo que poida ser de aplicación ao mesmo, xa que o artigo 24 non dispón a metodoloxía a utilizar.

Se estableceu que a forma de cálculo que mellor se adaptará á obtención da taxa nos supostos de prestación de servizos públicos ou realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos, será o do custo completo, que estará formado polo custo directo e o custo indirecto da prestación da actividade ou servizo público.

O custo directo, que será aquel que se identifica plenamente coa prestación da actividade ou servizo, estará formado á súa vez por:

- O custo fixo, aquel que permanece constante, independentemente de que varíe o nivel de servizo ou actividade. Co cal coñeceremos o gasto no que efectivamente se incorrería pola posta en marcha da prestación.*
- O custo variable, aquel que depende ou cambia en función das unidades prestadas, variando en proporción directa ás variacións no volume de produción. Co cal determinaremos o gasto no que se incorrería pola prestación dunha unidade de servizo ou actividade.*





O custo indirecto do servizo, aquel que non se pode identificar plenamente co mesmo, debe de ser asignado de forma global ao total de servizos da entidade.

Polo que seguindo o mencionado se estableceron os custes fixos e directos e custes indirectos, o que deu como resultados uns costes totais do servizo de 422.443,25 euros.

Polo que esta intervencion considerase que o citado informe cumpre co regulado na normativa de facendas locais, que obriga que a cota tributaria se establecerá conforme a un informe económico que xustifique que o importe da taxa non poderá exceder o coste real e previsible do servizo. O informe responde ao coste real, xa que se tiveron en consideración os gastos reais do servizo contabilizados dende outubro de 2024 a outubro de 2025 segundo consta no anexo desglosado do mesmo, dando cumprimento ao mandato legal.

Calquera futurible que plantexa a alegación sobre instalación de contenedor marrón, non pode ser tido en consideración como custe real, xa que non está contemplado no presente servizo. En todo caso, aínda tomando en consideración o aforro presentado por algún alegante que dispón que a citada implantación supón un aforro de 27.904,00 euros, se seguiría cumprindo co mandato legal xa que a costa tributaria non excedería o custe real do servizo. (no propio informe de intervención a modificación da ordenanza se manifestaba que a modificación da ordenanza permitirá adaptar o importe da taxa ao custe do servizo, xa que hai 10 euros de diferenza na cota tributaria.).

Na citadas alegacións que estima un posible aforro de 27.904,00 euros soamente se establece o mesmo en base a criterios estritos de aplicación da baixada do custe de Sogama ao Concello de Guitiriz, pero non se calculan os posibles maiores costes de persoal ou de gastos en bens correntes e servizos (camión de lixo, mantemento, subministro de combustible....) que pode supoñer a implantación do contenedor marrón, xa que esta implementación suporía maiores frecuencias na recollida, a posible recollida porta a porta,... debido a natureza dos residuos que se deben depositar o citado contenedor marrón. Polo que debería facerse un estudio de costes máis completo que suporía a implantación do contenedor marron.

Polo anterior esta intervención considera que a alegación relativa ao contendor marrón, non é unha implicación que afecte a modificación da ordenanza, xa que a mesma cumpre co mandato legal xa que a costa tributaria non excedería o custe real do servizo, e ten a súa base na memoria económica incluída no expediente que estima o custe real do servizo. (art. 24 TRLFL), polo que se considera que a cota tributaria esta xustificada na memoria e non así a alegación que carece de fundamento económico ou cando menos é incompleto o cálculo.

Terceira.- Bonificación nas ordenanzas reguladoras das taxas. O artigo 24.4 do Rela Decreto 2/2024 do texto refundido da Lei de facendas locais dispón que a determinación da contía da taxa poderá terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos





suxeitos obrigados a satisfacelas.

De acordo con o principio constitucional de capacidade económica e tendo en conta ademais que o obxectivo final desta taxa é que cada individuo pague en función da cantidade de residuos que xere, o importe das reducións que se establezan de acordo con a normativa de residuos ou o TRLRHL non deberá repartirse entre o resto dos suxeitos pasivos, é dicir, a menor cota a satisfacer polo suxeito pasivo ao que se lle aplique unha redución non implica que o resto de suxeitos pasivos deban pagar unha maior cota equivalente. Por iso, o establecemento de reducións nesta Taxa debe ser para supostos concretos, obxectivos, motivados e limitados, para non poñer en risco o principio de que a taxa debe ser “non deficitaria”. Canto maior sexa o importe global dos beneficios fiscais máis se afastará a taxa do cumprimento do obxectivo de cobertura do custo do servizo. Así mesmo, hai que ter en conta que o obxectivo desta taxa é fomentar a redución de residuos, polo que, se se concede a determinados colectivos unha redución ou bonificación elevada, podería fomentarse condutas contrarias ao cumprimento do devandito obxectivo, xa que, se non pagan a taxa ou o fan en contía mínima, non procurarán diminuír a cantidade de residuos que xeren.

Polo que se refire á redución para persoas e unidades familiares en situación de risco de exclusión social, tendo en conta que non existe un concepto definido mediante un rexistro público estatal ou autonómico para a aplicación da devandita consideración aos suxeitos pasivos, podería optarse, dado a súa estreita relación co principio de capacidade económica, cunha regulación mediante as ordenanzas fiscais correspondentes en aplicación do artigo 12.2 do TRLRHL, sempre coa información obrante nos departamentos de Servizos Sociais do municipio, e coa posibilidade de que estas reducións teñan un carácter rogado para facilitar a xestión da taxa. Todo iso, sen prexuízo da existencia dun referente obxetivable, e no marco do desenvolvemento das competencias municipais, de forma motivada.

A alegación presentada é xenérica en canto que manifesta a bonificación para familias en risco de exclusión social ou con ingresos mínimos, non establece os criterios de capacidade económica por exemplo referir a porcentaxe de bonificación segundo a renda de inclusión social o ingreso mínimo vital, o salario interprofesional. A alegación non contén so criterios subxectivo e obxectivos para poder establecer unha bonificacións segundo a capacidade económica dos suxeitos pasivos que o regulado no artigo 24.

Polo que aínda que a lexislación vixente contempla a posibilidade de establecer unha bonificación segundo a capacidade económica, a mesma non é obrigatoria, ademais a alegación non concreta os aspectos subxectivos e obxectivos para a súa aplicación, polo que coa redacción que menciona non é posible estimar a alegación.

Cuarto. Distinta taxa para vivendas non habitadas. O artigo 23 do Real Decreto 2/2024 do





TRLFL dispón os que se consideran suxeitos pasivos das taxas que son os que que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4 desta lei.

O artigo 3 da Ordenanza reguladora da taxa do Concello de Guitiriz dispón que: “Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, mesmo de precario.....

... No caso de vivendas ou locais, presumírase que é suxeito pasivo o titular do abono ao servizo da auga, e no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura coma suxeito pasivo do Imposto sobre Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.”

En ambos artigos se vincula ao suxeito pasivo co titular, ocupe ou utilice a vivenda... Non é a vivenda a que determina o suxeito pasivo, non se fai distinción entre empadramento ou no, vivenda habitada ou non habilitada, como se solicita na alegación.

*En relación **ao empadronamento dos propietarios da vivenda**, o Tribunal supremo en sentenza 1064/2023 de 20 de xullo, ECLI:É:TS:2023:3567, estableceu que «un concello non pode establecer diferenzas cuantitativas nunha taxa pola utilización de frontóns, piscinas e instalacións polideportivas municipais, atendendo a que os usuarios estean ou non empadroados no municipio, ao non erixirse o empadramento, neste caso, nun criterio razoable e obxectivo para os efectos de xustificar aquelas». Criterio que se pode aplicar a presente taxa.*

Neste senso o artigo 9 do Real Decreto 2/2024, TRLFL; dispón que “Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais e que, con todo, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola lei”

A sentenza do Tribunal Supremo do 12 de xullo de 2006, rec. 3526/2001, ECLI:É:TS:2006:5352, xa afirmou que o empadramento non é un criterio xuridicamente asumible para establecer tarifas distintas en servizos de prestación e recepción obrigatoria (abastecemento de auga potable, lixo) pero en tal caso, o usuario non empadrado que cumpre os requisitos para recibir obrigatoriamente o servizo non ten capacidade para prescindir do servizo nin elixir outro prestador; está nunha posición substancialmente idéntica ao veciño que como usuario cumpre eses mesmos requisitos e queda obrigado a recibir o servizo. A circunstancia de non poder elixir o prestador do servizo protagoniza esa





relación e prevalece sobre a condición de empadroado do usuario dese mesmo servizo.

El TS conclúe que ao ter que existir unha previsión normativa de rango legal, non cabe avalar que as ordenanzas fiscais poden fixar, establecer e, ao cabo, regular, a aplicación dun beneficio fiscal na medida que non estea previsto nunha disposición legal, e o empadramento non consiste un criterio de capacidade económica, que é única posible criterio para a aplicación de bonificacións nas taxas.

O TS tamén analiza como estas bonificacións afectan ao principio de igualdade, o cal esixe tratar equitativamente a situacións comparables, prohibindo discriminación inxustificada. Para evitar discriminación, requírese unha xustificación obxectiva e razoable baseada en criterios amplamente aceptados. No ámbito das taxas, rexidas polo principio de equivalencia, o artigo 24.4 do TRLRHL só permite a modulación das súas cotas tributarias baseados na capacidade económica dos obrigados. Con todo, o Tribunal Supremo argumenta que neste caso non hai xustificación económica válida, xa que o empadramento non pode apoiar diferenzas nas taxas

Polo anterior esta intervención considera que establecer distinta cota tributaria aos empadronados e aos non empadronados non se axusta a normativa vixente.

*En relación ao **concepto de vivenda deshabitada**. O citado concepto no está regulado en relación a taxa de lixo, non existe regulación vixente que definida o citado concepto. O concepto similar que podemos encontrar é o regulado no artigo 71 do Real Decreto 2/2024, do TRLF cando regulado no apartado 4º o concepto de inmovible de uso residencial que se encontre desocupado con carácter permanente, aquel que permaneza desocupado, de forma continuada e sen causa xustificada, por un prazo superior a dous anos, conforme os requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a ordenanza fiscal, e pertencan a titulares de catro ou máis inmoables de uso residencial.*

“En todo caso consideraranse xustificadas as seguintes causas: o traslado temporal por razóns laborais ou de formación, o cambio de domicilio por situación de dependencia ou razóns de saúde ou emerxencia social, inmoables destinados a usos de vivenda de segunda residencia cun máximo de catro anos de desocupación continuada, inmoables suxeitos a actuacións de obra ou rehabilitación, ou outras circunstancias que imposibiliten a súa ocupación efectiva, que a vivenda estea a ser obxecto dun litixio ou causa pendente de resolución xudicial ou administrativa que impida o uso e disposición da mesma ou que se trate de inmoables cuxos titulares, en condicións de mercado, ofrezan en venda, cun máximo dun ano nesta situación, ou en alugueiro, cun máximo de seis meses nesta situación. No caso de inmoables de titularidade dalgunha Administración Pública, consideraranse tamén como causa xustificada ser obxecto o inmovible dun procedemento de venda ou de posta en explotación mediante arrendamento.”

A declaración municipal como inmovible desocupado con carácter permanente esixirá a





previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación polo Concello dos indicios de desocupación, a regular na devandita ordenanza, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal, así como os consumos de servizos de subministración.

Non consta no Concello de Guitiriz, regulado ao respecto na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a consideración sobre inmovible desocupado permanente, polo que tampouco se pode ter en conta ao efecto ao taxa.

Por outra parte, hai que ter en contra a doutrina do Tribunal Supremo que en Sentenza do TS do 7 de marzo de 2003, determina que: "É doutrina reiterada desta Sala Terceira do Tribunal Supremo, que escusa da cita concreta en sentenzas, que a Taxa referida devíndase na medida en que o servizo de recollida de lixs estea establecido, e os locais, vivendas, etc, atopen no roteiro que seguen o vehículos de recollida, sendo para estes efectos intrascendente que ocasionalmente unha vivenda concreta áchese desocupada, pois non por iso o servizo de recollida elúdeos. É algo similar á diferenza ontolóxica entre potencia e acto. A Taxa devíndase non só cando efectivamente recóllense lixos ("acto"), senón tamén cando existe a posibilidade ("potencia") de utilizar o servizo, cando o Concello pon todo do seu parte para que, se se producen lixos, estas sexan recollidas. Ocorre algo parecido cos servizos públicos de electricidade, gas, teléfonos, prestados por empresas particulares que cobran sempre unha tarifa fixa, aínda que durante algún tempo non se consuma electricidade ou gas ou non se utilice o teléfono."

Da mesma forma, a Sentenza do TS do 18 de novembro de 2003, declara en relación á taxa de residuos que: "Con iso xérase o feito impositivo da primeira das Taxas comentadas e a obrigação de satisfacela, pois tal tributo non se basea directamente no feito de que se produzan verteduras particulares e concretas á rede senón que, ante a existencia do servizo, basta a posibilidade de que tales verteduras prodúzanse (como reiteradamente deixouse sentado por esta Sala), sen que, pola singular circunstancia de que parte das augas consumidas non cheguen a verterse na rede da rede de sumidoiros, escuse da suxeición a unha Taxa cuxa finalidade é custear o sostemento duns servizos de salubridade en beneficio do suxeito pasivo e de toda a poboación (prodúzase ou non un aproveitamento especificamente cuantificable e utilice, ou non, ao interesado o servizo para o efecto dispoñible).

Polo que respecta á Taxa por Eliminación de Residuos Sólidos, declaramos, así mesmo, con asiduidade, que non é precisa a produción de tales residuos para que se xere a obrigação de abonar a cota tributaria da mesma, pois o determinante do seu feito impositivo é a posibilidade de facer uso de tal Servizo, con abstracción de que circunstancialmente o interesado, suxeito pasivo do tributo, non contribuíse ou non puidese contribuír á formación dos residuos." Argumento que debemos entender igualmente válido para o suposto que nos





ocupa.”

A xurisprudencia declara procedente a exacción da taxa non só para aqueles que efectivamente utilizan o servizo, senón tamén para todos os que se atopan en disposición de utilizalo.

El Tribunal Supremo deixou sentado que a taxa se fixa en función do custo previsible do servizo, sen que se puidese establecer un custo nin sequera aproximado se en lugar de tomar en consideración o número de vivendas e locais afectados polo servizo, houbese de tomarse, a vontade de cada contribuínte, en función da maior ou menor ocupación da vivenda ou dos días que están abertos os establecementos, ou en función da maior ou menor entidade do volume de lixo xerado. Esta postura foi ratificada na consulta vinculada V1841-23 de 26/06/2023 da Dirección xeral de tributos.

En todo caso, se a pretensión da alegación é que estes inmobles paguen menos, xa se mencionou no presente informe que a única posible bonificación nas taxas é pola capacidade económica do suxeito pasivo, que non é o caso. Se a pretensión da alegación é establecer cotas distintas se resume que a taxa van vinculado ao suxeito pasivo, non a situación do inmovible do suxeito pasivo, a prestación do servizo, se fai aos inmobles, que é un servizo de recepción obrigatoria. A presente taxa devíndase na medida en que o servizo de recollida de lixo estea establecido, independentemente de que unha vivenda concreta atópese desocupada ou de que un establecemento ou un local estea pechado, o presente servizo e de recepción obrigatoria e implantado en todo o termo municipal. Polo anterior considerase que se debe desestimar a alegación.

Quinto. Procedemento de resolución e aprobación definitiva da ordenanza e lexitimidade dos alegantes. O artigo 17 do Real decreto 2/2004 dispón o procedemento para adopción dos acordos provisionais de establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as probacións e modificacións das ordenanzas fiscais, as cales se exporán no taboleiro de anuncios da entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estímen oportunas.

As entidade locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincial. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaran e aprobando as modificacións a que se refire o acordo provisional. En todo caos de non presentarse reclamacións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Ao presentarse alegacións deberán ser resolver polo Pleno, órgano competente.





Segundo o artigo 18 do TRLF, son interesados a efectos de reclamar contra os acordos provisionais, os que teñan un intereses directo ou resulten afectados por tales acordos.

En base ao anterior se debería acreditar que os alegantes teñen un intereses directo ou están afectados, considerando que nos seus escritos os alegantes presentan as alegación en base ao artigo 49 da Lei de bases de réxime local, cando as mesmas deben ser presentadas en base os artigo 17 e 18 do TRLF, xa que é unha ordenanza fiscal, non unha ordenanza xeral das reguladas na Lei 7/1985, de bases de réxime local.

Os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, deberán ser publicados no boletín oficial da provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.»

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1299 de 17 de decembro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar a totalidade das alegacións presentadas en base ao seguinte:

1- Alegación de implantación dos contenedores marróns no Concello de Guitiriz para abaratar o custe por tonelada no tratamento de Sogama:

a) Que a mesma non forma parte do texto da modificación da ordenanza da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos. Nalgunhas das alegacións se menciona soamente a necesidade da implantación, sen mais mencións aos custes e a repercusión económica ten na cota da taxa (que o obxecto da presente modificación). Noutras alegacións se fai unha cuantificación do aforro da implementación do contenedor marrón, pero non se teñen en conta todos os custes que esa implantación suporía, soamente o aforro de Sogama pero non os posibles maiores custes de persoal ou gastos en bens correntes en servizos. Polo que se considera que o memoria económica que consta no expediente é axustada ao custe real do servizo e da cumprimento o disposto na artigo 24.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regula o sistema de cálculo do importe das taxas pola prestación dun servizo.





b) Alegan que coa implantación do contenedor marrón para recollida diferenciada da materia orgánica reduciría o custo do canon de Sogama, xa que determinan que o 40 % do lixo enviado a planta é materia orgánica. Nun estudio feito para a solicitude de axudas de biorresiduos convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, establecece na memoria que se podería xestionar 129,73 tn de fracción orgánica ao ano, moi lonxe das 640 tn que calculan algunhas das alegacións presentadas. Esta cuestión tería que ser estudada unha vez implantada a recollida de fracción orgánica no concello e determinar o volume anual tratado, tendo en conta os custes de recollida e xestión: frecuencia de recollida, contenerización, etc, para determinar si diminúen as toneladas de fracción resto que se envían a Sogama cada ano.

2- Alegación relativa a que na taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos non existe bonificación para familias en risco de exclusión social ou con ingresos mínimos. Desestimase xa que non é unha obriga a mesma, e unha posibilidade que contempla a lei, e as alegacións non contemplan os criterios subxectivos e obxectivos para a regulación da mesma, non se concretan os supostos concretos, obxectivos e motivados para non poñer en risco o principio de a taxa debe ser non deficitaria.

3- Alegación relativa a que na ordenanza non existe unha taxa especial para vivendas non habitadas, cuxos propietarios están empadroados e residen fora do concello de Guitiriz, co cal non xeran o volume de lixo das vivendas habituais:

a) Que o concepto vivenda non habitada non está definido na normativa vixente, non hai ningún rexistro administrativo que defina ese concepto. O feito impoñible da presente taxa está vinculada ao suxeito pasivo que a persoa que é titular, ocupe, ou utilice o inmovible, non é a situación do inmovible o que determina o feito impoñible da taxa.

Por outra parte en canto a diferenciación das persoas empadroadas ou que resida fora do Concello de Guitiriz, desestimase xa que o artigo 9 do Real Decreto 2/2004 do texto refundido da lei de facendas locais soamente permite os beneficios fiscais que que expresamente esten previstos nunha norma con rango de lei. O feito de estar empadroadado ou estar fora do termo municipal non é un beneficio fiscal contemplado para as taxas, o artigo 24.4 do TRLRHL só permite a modulación das súas cotas tributarias baseados na capacidade económica dos obrigados ademais o Tribunal Supremo argumenta non hai xustificación económica válida, xa que o empadroamento non pode apoiar diferenzas nas taxas, o feito impoñible da taxa é a posibilidade uso de tal Servizo, con abstracción de que circunstancialmente o interesado, suxeito pasivo do tributo, non contribúise ou non puidese contribuír á formación dos residuos.

Ademais o servizo de recollida de lixo é un servizo de recepción obrigatoria, a taxa devengase na medida en que o servizo de recollida de lixo estea establecido,





independentemente de que unha vivenda concreta atópese desocupada ou de que un establecemento ou un local estea pechado, o presente servizo e de recepción obrigatoria e implantado en todo o termo municipal.

b) O concepto de “vivenda non habitada” non figura como tal nas ordenanzas municipais. Non podemos determinar o volume de lixo que xeneran esas vivendas o longo do ano e que depositan nos distintos contedores, ademais debemos ter en conta o servizo de recollida e xestión de enseres e voluminosos, que tamén fan uso do mesmo o propietarios destas vivendas.

A simple existencia de lixo domiciliario ou comercial fai necesario o servizo e non cabe, polo tanto, aducir o non emprego para non pagar a taxa. Existen varias sentenzas do Tribunal Supremo (entre elas a do 7 de marzo de 2007 e 18 de novembro de 2003) que se veñen pronunciando pola elixibilidade da taxa aínda que non se empregue o servizo ou só parcialmente, de tal forma que o feito imponible desta taxa prodúcese cando o concello ten implantado e en funcionamento o servizo de recollida e eliminación de residuos, non sendo necesario que o solicite o suxeito pasivo, xa que este tributo é de recepción obrigatoria, de tal forma que con independencia de que o suxeito pasivo empregue ou non o servizo, se o concello o presta, imponse o pago da taxa.

Noutro caso estaríamos en vivendas declaradas oficialmente como ruína, as cales estarían exentas do pago de dita taxa.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos no relativo ao artigo 5 quedando como segue:

« **Artigo 5 TARIFAS**

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

	TARIFA ANUAL	TARIFA TRIMESTRAL
TARIFA NORMAL		
<i>Vivenda zona urbana</i>	105,00	26,25
<i>Vivenda zona rural</i>	79,00	19,75
<i>Hoteis, hostais e moteis, que só presten servizo de almorzo (€/habitación)</i>	10,00	2,50
<i>Hoteis, hostais e moteis con servizo de restaurante (€/habitación)</i>	25,00	6,25
<i>Restaurantes, mesóns e casas de comida</i>	300,00	75,00
<i>Cafeterías, bares e tabernas</i>	300,00	75,00





<i>Pubs, whiskerías, clubs, discotecas, salas de baile, bingo, cines e similares</i>	<i>350,40</i>	<i>87,60</i>
<i>Supermercados e asimilados</i>	<i>697,60</i>	<i>174,40</i>
<i>Tendas, froiterías, pescaderías e outros establecementos de alimentación ao por menor</i>	<i>162,40</i>	<i>40,60</i>
<i>Comercios en xeral ao por menor, peruquerías e asimilados</i>	<i>105,00</i>	<i>26,25</i>
<i>Despachos profesionais</i>	<i>200,00</i>	<i>50,00</i>
<i>Entidades financeiras</i>	<i>337,20</i>	<i>84,30</i>
<i>Talleres ata 250 m2</i>	<i>224,80</i>	<i>56,20</i>
<i>Talleres de máis de 250 m2</i>	<i>300,00</i>	<i>75,00</i>
<i>Industrias e fábricas</i>	<i>202,00</i>	<i>50,50</i>
<i>Farmacias, parafarmacias ou similares</i>	<i>176,00</i>	<i>44,00</i>
<i>Hospitais, clínicas, residencias ou Similares</i>	<i>272,00</i>	<i>68,00</i>
<i>Centros de ensino privados de todo tipo</i>	<i>200,00</i>	<i>50,00</i>
<i>Tanatorios</i>	<i>375,00</i>	<i>93,75</i>
<i>Gasolineras</i>	<i>600,00</i>	<i>150,00</i>
<i>Areas-estacións de servizo</i>	<i>2.282,00</i>	<i>570,50</i>
TARIFA ESPECIAL		
<i>Superficie sobre a que se actúa supera os 4.000 m2</i>	<i>7.500,00</i>	<i>1.875,00</i>

No caso de que un establecemento conte con máis ducha actividade, cotizará por cada unha delas. Para os efectos desta taxa se entenderá como superficie a computable tal e como se define na Tarifa e Instrución do Imposto sobre Actividades Económicas (Real Decreto Lexislativo 1.175/1990, de 28 de setembro), que é o epígrafe que se terá en conta para aplicación desta taxa.

Aos efectos de diferenciar as vivendas de zona rural e as vivendas de zona urbana, se estará aos plans de delimitación da ordenación urbana aprobados polo concello de Guitiriz, que para a zona urbana de Guitiriz é o plan de delimitación OU66 e para a zona urbana de Parga é plan de delimitación OU75.

Considérase Tarifa especial, as instalacións que constitúan complexos de servizos, nos que se desenvolvan varias actividades pero por un único suxeito pasivo e os servizos municipais de recollida do lixo teñan que desenvolver tarefas de barrido, selección e acopia ou almacenamento dos refugalllos procedentes de tales complexos, nunha superficie mínima de 4000 m2, (fóra dos espazos construídos e valados) para acarrealos e introducilos nos





colectores dispuestos pola administración municipal.

A esta respecto, nesta ordenanza determínase que ten a condición ou singularidade prevista neste epígrafe especial o complexo da área de servizo A6, neste termo municipal de Guitiriz, sen prexuízo doutros supostos ós que poda resultar de aplicación e que se determinen con ocasión de aprobar o padrón do lixo.

A aplicación desta tarifa especial é compatible coa aplicación de calquera das outras que constan no cadro tarifario precedente.»

TERCEIRO. Publicar a referida modificación da ordenanza aprobada no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

CUARTO. Notificar aos interesados/as e comunicar aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS Non hai asuntos
Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervención producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe: SHA512 - cc74007a57580cce104ac73db48680414df5f639b2175dc2b940497bb2daba59d17b57b943e82a6bbdb2b098784d6f0c109c7e20f1a695caade73ba8cfbded91 O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace: https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=OTg0NmI4MWItNjJhNy00ZmlwLTk0YjUtNWQ4ZTUyYjBhZWY0

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

